



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DA CORUÑA QUE MODIFICA Á DE 15 DE FEBREIRO DE 2023 POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE MUGARDOS.

ANTECEDENTES

1 O plan de explotación de moluscos bivalvos a pé da confraría de pescadores de Mugardos en autorización (PE405A 2020/18-1), aprobouse para o trienio 2021-2023 mediante a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira (DOG Núm. 262, de 31 de decembro de 2020).

2 De conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación de moluscos bivalvos a pé da confraría de pescadores de Mugardos en autorización para o trienio 2021-2023, adóptase que o número máximo de participantes a pé no plan para o ano 2023 é de sesenta e cinco (65) permisos.

Para o ano 2023, na data desta resolución, os permisos de explotación vixentes son sesenta e un (61), un deles en trámite. Polo que quedan catro (4) prazas vacantes na actualidade

3 O 17/03/2022 publicouse a Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación, modalidade de marisqueo a pé, para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de Mugardos, con doce (12) prazas a cubrir.

4 O 31/05/2022 por resolución da xefatura territorial da Consellería do Mar en Coruña, publícase a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Mugardos.

A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia. Nesta lista de reserva atópanse incluídas 11 persoas. As catro últimas persoas da lista de reserva están empatadas a 0.00 puntos.

5 O 05/01/2023, a confraría de pescadores de Mugardos solicitou a apertura da lista de reserva para cubrir os nove (9) permisos de explotación vacantes.

6 O 02/02/2023 unha das persoas integrantes da lista de reserva presenta a súa renuncia a permanencia na lista de reserva





7 O 07/02/2023 publicouse a comunicación da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña relativa á celebración dun sorteo para dirimir o empate entre catro (4) persoas candidatas para a cobertura de tres (3) prazas das nove (9) prazas vacantes para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Mugardos.

8 O 14/02/2023 celebrouse o sorteo na xefatura comarcal da Consellería do Mar en Ferrol. Logo do sorteo quedou establecida a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas para a obtención do permiso de explotación de acordo coa acta levantada da realización de dito sorteo.

9 O 16/02/2023 publicouse a resolución da xefatura territorial da Consellería do Mar da Coruña pola que se autoriza o emprego da lista de reserva xurdida da relación definitiva de persoas non seleccionadas para ter acceso ao permiso de explotación para marisqueo a pé na confraría de Mugardos.

Esta resolución actualiza a lista de reserva na que permanece unha (1) persoa.

10 O 10/03/2023 rematou o prazo para a presentación da documentación e acreditación dos requisitos para a obtención do permiso de explotación para marisqueo a pé. Comprobouse que catro (4) persoas seleccionadas non achegaron a documentación requirida dentro do prazo máximo establecido. Estas persoas foron declarada decaídas no seu dereito á presentación de documentación e, en consecuencia, desistidas da súa solicitude de outorgamento do permiso de explotación para o marisqueo a pé.

11 O 13/03/2023 a confraría de pescadores de Mugardos solicitou a apertura da lista de reserva para cubrir un (1) dos permisos de explotación vacantes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento administrativo a seguir nos procesos de selección para ter acceso ao permiso de explotación para o marisqueo a pé, así como a constitución e emprego das listas de reserva en ditos procesos selectivos.

2 A resolución do 31/05/2022 da xefatura territorial da Consellería do Mar en Coruña pola que se publica a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Mugardos, establece no apartado 2º da parte dispositiva que as persoas aspirantes admitidas que non superaron o proceso selectivo constituirán

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano a contar dende o día seguinte a publicación desta resolución.

3 O apartado 4 do anexo I da resolución de 12 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé establece que:

"En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación".

O sorteo establecido para determinar a orde de puntuación dos candidatos empata-dos celebrouse o día 14/02/2023, tal como se reflicte na acta do mesmo.

4 A Resolución do 16/02/2023 da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña autorizou o emprego da lista de reserva para cubrir nove (9) prazas vacantes. Outorgáronse cinco permisos de explotación as persoas seleccionadas, e a outras catro (4) consideróuselles desistidas da súas solicitudes por non ter presentado dentro do prazo fixado a documentación necesaria (fin do prazo o 10/03/2023). Tal e como se indica na resolución, neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

5 Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

6 Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 73/2022 do 25 de maio polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia.

Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das súas competencias,

RESOLVE:

1º Ter por desistidas da súa solicitude de acceso ao permiso de explotación para marisqueo a pé na confraría de Mugardos as catro persoas que se relacionan:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.
MARIÑO	VILAR	DANIEL EDUARDO (*)	* * * 8880 * *
ESCUDERO	CERVANTES	LUIS MIGUEL (*)	* * * 6222 * *
SELLERO	RODRÍGUEZ	ALBERTO JESÚS (*)	* * * 5394 * *
FRAGA	ROMERO	JUAN LUIS	* * * 1140 * *

(*) estas tres persoas xa teñen permiso de explotación para marisqueo a pé na confraría de Pontedeume

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





2º. Facer uso da lista de reserva e proceder á cobertura dunha (1) praza vacante na modalidade de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Mugardos mediante o emprego da lista de reserva. O listado coa nova persoa seleccionada ven recollido no anexo desta resolución.

3º As persoa seleccionada deberá acreditar no prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para obter o permiso de explotación; de non facerse así neste prazo, entenderase que decae do seu dereito.

Debe presentar a seguinte documentación:

- a) Fotografía co seu nome e DNI escrito por detrás.
 - b) Documento médico que acredite que a persoa non está incapacitada para exercer os labores de marisqueo.
 - c) No caso de non ter sido asinada a autorización da consulta: certificado que acredite que a persoa non é perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA). As persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, deberán renunciar a ela.
 - d) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta: certificado da Seguridade Social que acredite que a persoa non é perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares.
 - e) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta do certificado de mariscador no caso de que o posúan e non fose presentado coa solicitude: copia do certificado de mariscador. Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
 - f) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta: certificado que acredite estar empadroadado/a nun municipal do litoral de Galicia.
- A documentación requirida deberá dirixirse á Xefatura Comarcal do Mar en Ferrol.

4º Se dentro do prazo fixado non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados nas bases da convocatoria do proceso selectivo do 17/03/2022, entenderase que desiste da súa solicitude (excepto o certificado de mariscador, apartado III. d) das bases da convocatoria). Darase por esgotada a lista de reserva por non quedar mais candidatos nela.

5º Para obter o permiso de explotación de marisqueo a pé, as persoas seleccionadas deberán:

- a) Estar en posesión do permiso do certificado de mariscador.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

6º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ferrol, así como no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de





Mugardos.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(Sinatura electrónica)



ANEXO I.- MUGARDOS: RELACION DA PERSOA ADMITIDA SELECCIONADA NO PROCEDEMENTO PARA OBTENIR O PERMISO DE EXPLOTACION DE MARISQUEO A PÉ

RESOLUCIÓN USO LISTA RESERVA MARZO 2023

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	PARO	FORM. 2.a	FORM. 2.b	PADRÓN
LISTA DE RESERVA								
MATO	LAMA	ALEXANDRE(*)	* * * 2092 * *	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

(*) deberá acreditar que non ten sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños pendentes de pagamento (artigo 4.1 do Decreto 425/93, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira) para non ser excluídos do procedemento.

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total
- **1.- PARO:** tempo transcorrido como desempregado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes completo durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).
- **2.- FORMACIÓN:**
2.A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):
 Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 17.03.2022 da xefa territorial da consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGAFA, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos.

- **3.- PADRÓN:** Por estar empadroadado nun concello situado no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria. **4 puntos**

II.- MUGARDOS.- RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO PROCEDEMENTO

Non hai aspirantes excluídos

Xefatura Territorial da Coruña
 Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
 15006 A Coruña
 Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

